



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DE BASES E INICIO DE PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARRAL (CON CATEGORÍA PROFESIONAL DE EDUCADOR/A SOCIAL, A XORNADA COMPLETA, NA MODALIDADE CONTRACTUAL DE OBRA OU SERVIZO DETERMINADO ATA A INCORPORACIÓN DA TITULAR DO POSTO)

EXPEDIENTE: 2019/G003/000028

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral conta só cunha educadora social que actualmente se atopa de baixa por IT sen que sexa previsible a súa incorporación nun período curto de tempo polo que urxe a substitución desta para un correcto funcionamento do departamento e do servizo aos veciños.

Ante esta necesidade os servizos municipais emitiron informe onde se estiman os custos a asumir polo Concello coa posible contratación dun/ha educador/a social así como a elaboración das bases que rexerán o procedemento de selección.

Logo de ver o informe de fiscalización da Intervención (asinado dixitalmente o 28 de xaneiro de 2019 en relación á miña proposta do 21 de xaneiro de 2019), no que se indica que "(...) PRIMEIRO.- (...) considérase axustado á legalidade a contratación de persoal laboral para a cobertura deste posto. (...) TERCEIRO.- (...) o sistema selectivo de concurso libre recollido nas bases considérase axeitado á legalidade. (...) SEXTA.- (...) verifícase a existencia de crédito máximo, conforme o sinalado no informe da técnico de Administración Xeral do Concello que se establece un prezo máximo de 1.788,08 € de salario bruto e de 585,59 €/mes, un custe de indemnización de 51,08 € durante un período máximo de contratación de nove meses (270 días) (...) e que nunca superará o tempo que corresponda de baixa por IT, baixa de maternidade e lactancia, na aplicación presupostaria 231.131.00 por importe de 16.143,80€ e por importe de 5.270,31€ na aplicación 213.160.00 (...)".

Considerando canto dispón a lexislación aplicable, e en uso das atribucións que a esta Alcaldía outorga o art. 21.1.a) e g) da Lei 7/85, do 2 de abril e concordantes

RESOLVO

1.- Advocar singularmente neste caso (para poder iniciar a prestación do contrato á maior brevidade posible) a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 294/2015, do 6 de xullo de 2015, correspondente a "aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo".

2.- Aprobar as bases que rexerán a contratación dun/ha traballador para departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral (categoría profesional de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

educador/a social, a xornada completa, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado ata a incorporación da titular do posto) que quedan incorporadas como anexos de resolución, e autorizar o gasto correspondente. Nas bases indícanse as funcións e tarefas obxecto de contratación, requisitos específicos da persoas aspirante, duración máxima do contrato, retribucións, tipo de contrato, criterios de selección das persoas candidatas e sistema de publicidade da convocatoria

3.- Designar como instrutora dos expedientes, a efectos do indicado no punto 5º das bases, á técnica xurídica do Concello, dona Sonia Campos Ares.

4.- Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval